

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A TRAVÉS DO INSTITUTO DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN, PARA COLABORACIÓN EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN E DE COMPORTAMENTO ÉTICO

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2023.

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Román Rodríguez González**, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG número 94, do 16 de maio) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, _____, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, a USC), que actúa en nome e representación dela, en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante, a Consellería) é consciente das implicacións da investigación e innovación educativa, así como da importancia de manter a coherencia entre a formación inicial e permanente do profesorado no desenvolvemento das súas competencias profesionais docentes. A tal efecto, de xeito concreto, velará, como responsable dos datos tratados nos centros educativos públicos, polo axeitado respecto aos dereitos e principios que a normativa nesta materia impón, así como polo respecto á intimidade das persoas. De igual maneira, velará porque todas as intervencións de investigación e innovación se sustenten nos máis altos estándares éticos, científicos e de protección de datos e a intimidade, de acordo co previsto na Instrución 4/2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para a autorización de realización de estudos no ámbito educativo.

SEGUNDO.- Que o Instituto Universitario de Ciencias da Educación (en adiante ICE) é un Instituto Universitario propio da Universidade de Santiago de Compostela.

Tal e como se recolle no artigo 3 do Regulamento de Réxime Interno (aprobado polo Consello de Goberno da USC o 2 de xullo de 2019) que o Instituto de Ciencias da Educación constitúese como un instituto universitario de investigación da Universidade de Santiago de Compostela, dedicado ao impulso, fomento, promoción e desenvolvemento de actividades de investigación de calidade e impacto, básica ou orientada, no ámbito educativo, dende unha perspectiva multi e interdisciplinaria, pretendendo contribuír de maneira significativa á creación de coñecemento especializado ou á solución de problemas e retos da sociedade.

TERCEIRO.- Que a Consellería e o ICE coinciden en considerar que a calidade do sistema educativo galego, a súa equidade e os procesos de innovación que isto implica, precisan dunha visión tanto organizativa e de xestión como científica e académica. Esta

visión debe redundar no desenvolvemento constante e progresivo das competencias profesionais docentes e converta os centros en organizacións competentes que dean resposta aos desafíos e necesidades do seu tempo. Para acadar este obxectivo é preciso establecer pontes de colaboración e cooperación interinstitucionais.

En consecuencia, as entidades, de conformidade co exposto, formalizan este convenio no campo da formación e da investigación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto fixar un marco de colaboración institucional entre as institucións asinantes coa finalidade de fomentar a investigación ética e de calidade vinculada aos procesos de innovación e desenvolvemento, desde unha perspectiva ética, rigorosa e de protección dos datos persoais e a intimidade de todos os membros da comunidade educativa. Así mesmo, procúrase o desenvolvemento competencial docente actuando como foro de encontro interdisciplinar entre os centros educativos e as universidades, a través da organización de foros, congresos e xornadas nos distintos niveis educativos.

SEGUNDA.- Actuacións a desenvolver

Para estes efectos, a Consellería e a USC, a través do ICE, colaborarán no desenvolvemento das seguintes actuacións:

- Na definición de liñas de formación, investigación e análise baseadas en evidencias científicas de calidade para o desenvolvemento profesional docente e a mellora do sistema educativo.
- Na elaboración de recomendacións de uso de datos educativos abertos e estatísticos e nas consideracións científicas, éticas e procedimentais para a recollida, se procede, de nova información e datos educativos.
- No apoio á transferencia de coñecemento no desenvolvemento da competencia profesional docente

TERCEIRA.- Comisión de valoración de investigación

A Consellería e a USC establecerán unha comisión de valoración das solicitudes de realización de estudos e investigacións en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que analizará as solicitudes recibidas e emitirá un informe non vinculante sobre a súa pertinencia, a posible demanda de aclaracións ou modificacións no plan da investigación, e outros aspectos relevantes orientados a mellorar a pertinencia, calidade, ética e integridade na investigación.

Esta Comisión estará formada por parte da Consellería por:

- A persoa titular da xefatura do Servizo de Coordinación Estratéxica e Innovación
- Unha persoa asesora de datos do servizo de Coordinación Estratéxica e Innovación
- A persoa Delegada de Protección de Datos
- Unha persoa do servizo Técnico-Xurídico da Área de Educación

Por parte da USC:

- A persoa directora do ICE.
- Un/unha investigador/a permanente vinculado/a ao ICE.
- Dúas persoas da área de Educación, desinadas polo Consello Científico do ICE, entre o persoal investigador con relación ou colaborador do ICE.

A participación nesta comisión non outorga dereitos económicos para os seus integrantes, que non recibirán retribución ningunha pola súa participación na mesma.

A presidencia da comisión corresponderá a persoa titular da xefatura do Servizo de Coordinación Estratéxica e Innovación, que dirimirá co seu voto os empates.

Para o exercicio do seu labor poderá axudarse dos medios técnicos e telemáticos que correspondan e que garantan a confidencialidade, calidade e integridade das súas deliberacións e da documentación manexada.

Todas as persoas participantes na Comisión aportarán o seu criterio experto obxectivo e imparcial e quedarán sometidas á confidencialidade e deber de sxiilo. Polo tanto absteneranse de valorar aquelas investigacións nas que poida apreciarse un posible conflito de intereses.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

CUARTA.- Actividades de encontro interdisciplinar entre os centros educativos e as universidades

A Consellería e a USC, a través do ICE, fomentarán a realización de actividades de conexión entre o profesorado tanto universitario como non universitario en materia de evidencias científicas da educación, ética e procesos de investigación mediante:

- Actuar como foro de encontro interdisciplinar entre os centros educativos e as universidades, a través da organización de foros, congresos e xornadas nos distintos niveis educativos.
- Apoiar o desenvolvemento das competencias profesionais docentes.

QUINTA.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos desde a súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos. Poderá ser denunciado polas partes en calquera momento unha vez transcorrido o primeiro ano de vixencia, mediante comunicación escrita á outra parte. A extinción producirá efectos unha vez transcorridos tres meses desde a dita denuncia, sen prexuízo de finalizar aquelas actuacións xa iniciadas e que, por razóns de interese público, se deban levar a cabo.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de catro anos.

SEXTA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento da execución e do desenvolvemento do presente convenio crearase unha comisión mixta, composta por dous representantes de cada unha das institucións asinantes e unha persoa funcionaria da Consellería, que actuará como secretario/a. Corresponderá á comisión de seguimento velar polo correcto cumprimento do acordo, impulsando a realización de cantas actuacións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e execución.

A comisión reunirase cantas veces sexa preciso para a boa marcha da execución do acordo a petición de calquera das partes.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SÉTIMA.- Modificación e resolución do convenio

1. O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes asinantes.
2. Segundo se establece no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) A denuncia do Convenio cando se estime que se produciron alteracións substanciais nas condicións nas que foi subscrito.

d) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra no prazo de dous meses coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ó responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do Convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o Convenio.

e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

f) Por causa de forza maior que imposibilite o obxecto do Convenio.

g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

A resolución do Convenio non afectará á finalización das actividades que estiveran en execución, para as que a Comisión de seguimento establecerá un prazo improrrogable de finalización, en cumprimento do disposto no artigo 52.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA. Protección de datos

O cumprimento das obrigas deste convenio axustarase ás esixencias derivadas da normativa reguladora en materia de protección de datos de carácter persoal, no que corresponde á confidencialidade da información e dos resultados, aplicando as medidas de carácter técnico, administrativo, informático e organizativo que resulten necesarias para cumprir cos requisitos legais e, en particular, garantindo a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perda, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigacións derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos.

NOVENA.- Publicidade e transparencia

O presente convenio publicarase de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, ambas partes farán a difusión que corresponda nas súas respectivas sedes electrónicas.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes para incluír e facer públicos os datos referidos ao acordo de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Natureza xurídica

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1, rexéndose polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As discrepancias que poidan xurdir na interpretación, aplicación e efectos do presente convenio resolveranse pola Comisión de seguimento.

E, en proba de conformidade, asínano dixitalmente.

O conselleiro de Cultura, Educación, O reitor da USC
Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González